

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Guscuta campestris Yunck

Especie parásita americana, coñecida como gorga ou barba de raposo. O termo hebreo do que deriva o xénero significa “cubrir”, e alude a súa condición de parásita, que actúa cubrindo completamente as plantas hospedeiras cos seus talos.

Pertence á familia das convolvuláceas e foi citada por vez primeira en Galicia no ano 1986. Foi introducida en Europa a través dos cultivos de especies forraxeiras a principios do século XX, e actualmente é clasificada como unha especie cun comportamento invasor emerxente.

Atópase presente en zonas alteradas como cunetas, camiños e embalses, parasitando tamén moitos cultivos e outras especies como as dunares onde xa se nota este incipiente comportamento invasor.

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org

